

## 2º EXERCICIO: PARTE ESPECIFICA

### INSTRUCCIÓNS:

1. - Non abra nin lea o interior deste caderno ata que se lle indique.
2. -Esta proba ten carácter eliminatorio. Este exercicio consta de dúas partes diferenciadas: un primeiro cuestionario con 50 preguntas teóricas tipo test con 5 de reserva (E51 á E55), que deberán ser contestadas a continuación do recadro “Específico Parte teórica” entre os números E1 e E55 e un segundo cuestionario de 50 supostos prácticos tipo test con 5 de reserva (E106 á E110), que deberán ser contestados a continuación do recadro “Específico Parte práctica” entre os números E56 e E110 da "FOLLA DE RESPOSTAS"
3. – O tempo total de realización do exercicio, é de **150 minutos**.
4. – Todas as preguntas teñen catro respostas alternativas, sendo unha a correcta. As respostas correctas sumarán **0,50** puntos, as non contestadas non terán valoración algunha e as contestadas erroneamente restarán **0,125** puntos.
5. - Comprobe sempre que o número de resposta que sinale na "FOLLA DE RESPOSTAS" é o que corresponde ao número da pregunta do cuestionario.
6. - Este cuestionario debe utilizarse na súa totalidade como borrador das respostas elixidas, para non marcar unha resposta ata estar totalmente seguro/a.
- 7.- A resposta correcta marcarase cun **X** ben feito dentro dos límites do recadro. De ter que anular algunha resposta, o recadro da resposta que se marcou incorrectamente ten que encherse por completo.

Unha vez que se anule, xa non poderá recuperarse de novo dita opción de resposta.

8. - Ao rematar o seu exercicio, no suposto de que non teña que realizar o exercicio de lingua galega, advírtao á organización para a súa recollida. Debe entregar a "FOLLA DE RESPOSTAS", no lugar que lle indique a organización, onde lle entregarán a última folla autocopiativa. Ao abandonar o recinto NON poderá levar ningún cuestionario de preguntas. O Servizo Galego de Saúde facilitaralle o acceso aos mesmos a través da páxina web: [www.sergas.es](http://www.sergas.es), logo de finalizados os tempos de exame. Se ten que realizar o exercicio de lingua galega, permaneza no seu lugar. Ao finalizar o exercicio, garde este cuestionario no chan, baixo o seu asento e espere as indicacións para realizar a continuación o outro exame, en unidade de acto.

**LEA DETIDAMENTE AS INSTRUCCIÓNS QUE FIGURAN NO REVERSO  
DA FOLLA DE RESPOSTAS PARA O SEU CORRECTO ENCHEMENTO**

**EXAME EN GALEGO**



**1. Con respecto ao Dimero D, cal das seguintes afirmacións é certa?**

- A) Procede da degradación da fibrina estabilizada.
- B) A súa elevación é específica da existencia dun proceso trombótico.
- C) Activa o plasminóxeno.
- D) Forma parte da vía común da coagulación.

**2. Existe un gran número de variantes cunha expresión anómala do antíxeno D, variantes RhD, e poden ter implicacións postransfusionais e/ou importancia na enfermidade hemolítica do recentemente nado. En relación a estas variantes, sinala a resposta correcta:**

- A) As variantes DEL representan un nivel de expresión de antíxeno D normal pero sumamente defectuoso, é dicir, a densidade de antíxeno D na membrana eritroide é normal pero a súa expresión está cualitativamente moi alterada.
- B) Nas variantes RhD débil non se expresan a totalidade dos epítopos. A maioría de individuos portadores dun D débil desenvolven un aloanti-D ao entrar en contacto, por transfusión ou xestación, con hematías D positivo.
- C) No caso dos variantes D parcial, a densidade de antíxeno D na membrana eritrocitaria está diminuída e a maioría non presentan risco de sensibilización anti-D.
- D) Na poboación caucásica, estímase que entre un 0.2-1% dos individuos RhD positivo presentan un fenotipo D débil.

**3. Que é o stock de seguridade?**

- A) O stock suficiente para as necesidades habituais.
- B) Aquel stock de reserva por se o pedido chegara con atraso.
- C) O stock almacenado baixo condicións especiais.
- D) A cantidade de existencias que indica realizar un novo pedido.

**4. Cal das seguintes substancias activan o plasminóxeno?**

- A) Alfa 2 macroglobulina.
- B) Estreptoquinasa.
- C) PAI 1.
- D) Dimero D.

**5. Os seguintes compoñentes empregados en medios de cultivo son inhibidores, agás un. Indíqueo.**

- A) Caseína.
- B) Cristal violeta.
- C) Colistina.
- D) Azida sódica.

6. Actualmente a transfusión de compoñentes sanguíneos é moi segura, aínda que non está exenta de producir efectos adversos. Estes clasifícanse segundo a cronoloxía da súa aparición en complicacións agudas e retardadas. Sinale cal das seguintes sería unha complicación aguda:

- A) Aloinmunización fronte a antígenos eritrocitarios.
- B) Púrpura postransfusional.
- C) Enfermidade enxerto contra o hóspede postransfusional.
- D) Ningunha das anteriores é unha complicación aguda.

7. As proteínas de masa muscular, formada por aminoácidos do tipo glicina, arginina e metionina, excretáanse como:

- A) Urea.
- B) Creatinina.
- C) Ácido úrico.
- D) Glicosa.

8. Cando unha hemacía sofre unha polimerización da hemoglobina, denomínase?

- A) Esquistocito.
- B) Estomatocito.
- C) Drepanocito.
- D) Dacriocito.

9. Sinale a afirmación correcta en relación á granulación das plaquetas:

- A) Os gránulos alfa son os máis escasos pero os máis específicos, conteñen factor plaquetario 4, factor Von Willebrand, fibrinóxeno e outras proteínas.
- B) Os gránulos densos son os máis abundantes e conteñen serotonina, lisosomas, ADP e ATP.
- C) Os gránulos alfa son os máis abundantes e conteñen gran diversidade de proteínas específicas e non específicas.
- D) Os gránulos densos son os máis escasos e conteñen serotonina, lisosomas, ADP e ATP.

10. Sinale o microorganismo pluricelular.

- A) Plasmodium malariae.
- B) Bacteroides fragilis.
- C) Fasciola hepatica.
- D) Cryptococcus neoformans.

11. Sinale a afirmación correcta en relación á clasificación de leucemias:

- A) A clasificación Franco–Américo–Británica creada en 1976 divide ás leucemias mieloides crónicas en 8 subtipos, de M0 a M7, e ás linfoides en 3.
- B) A clasificación FAB baséase na citoxenia, citometría de fluxo, inmunohistoquímica, a análise da historia clínica, a influencia de terapias citotóxicas e a comorbilidade con outros desordes hematolóxicos o cal permite obter unha grande eficacia clínica e terapéutica.
- C) Na clasificación da Organización Mundial da Saúde aumentouse a un 20% a porcentaxe de blastocitos leucémicos en médula ósea esixido para o diagnóstico da LMA en contraste ao 10% que viña esixido a FAB.
- D) Nas M3 da clasificación FAB o promielocito predominante atípico é de tamaño mediano–grande e núcleo de perfil irregular cunha incisura ampla (signo do machadazo) e inclusións citoplasmáticas. Son moi positivos para a mieloperoxidasa e Negro Sudán B.

12. No hialoplasma das plaquetas hai microfilamentos ricos en proteínas contráctiles, cal das seguintes NON é unha delas?:

- A) Miosina
- B) Troponina
- C) Actina
- D) Fibronectina

13. Sinale a resposta FALSA en relación ao Sistema do Complemento:

- A) Existen tres vías de actuación: a clásica, a alternativa e a das lectinas.
- B) É un sistema termolábil.
- C) Unha característica da vía clásica é a súa capacidade de perpetuar a produción de C3b.
- D) Unha vez que se forma C3b por calquera das vías, a vía alternativa actúa coma un bucle de amplificación, incrementando a produción de C3b rapidamente.

14. Cal destas drogas é un estimulador do Sistema Nervioso Central (SNC)?

- A) Benzodiazepinas.
- B) Alcohol.
- C) Anfetaminas.
- D) Psilobicina.

15. O virus da rubéola:

- A) É un virus ADN que pertence á familia Rhabdoviridae.
- B) É un virus ARN que pertence á familia Filoviridae.
- C) É un virus ARN que pertence á familia Poxviridae.
- D) É un virus ARN que pertence á familia Togaviridae.

16. O CA 125 utilízase como marcador tumoral no:

- A) Cancro de mama.
- B) Cancro de colon.
- C) Cancro de pulmón.
- D) Cancro de ovario.

17. Para citar e elaborar bibliografías, un dos estilos máis aceptado e usado no ámbito das Ciencias da Saúde é o Vancouver. Seguindo estas normas, a referencia bibliográfica dun libro completo, adecuaríase á seguinte orde:

- A) Autor/es. Título do libro. Edición. Editorial: ano; lugar de publicación.
- B) Autor/es. Título do libro. Edición. Lugar de publicación: Editorial; ano.
- C) Título do libro. Autor/es. Edición. Lugar de publicación: Editorial; ano.
- D) Título do libro. Autor/es. Edición. Editorial: ano; lugar de publicación.

18. ¿Que bacteria causa o tifus exantémico?

- A) Salmonella typhimurium.
- B) Salmonella typhi.
- C) Neisseria paratyphi.
- D) Rickettsia prowazeki.

19. Indica a afirmación incorrecta, con respecto ó fígado.

- A) Transforma o amoníaco en creatinina.
- B) Sintetiza glucosa a partir de ácido láctico.
- C) Elimina compostos tóxicos.
- D) Almacena vitaminas.

20. Sinale o medio de cultivo líquido.

- A) Medio de Christensen.
- B) Medio TSI.
- C) Medio de clark y Lubs.
- D) Medio verde brillante.

21. O *Enterobius vermicularis*, parasito investigado en feces, é:

- A) Un verme pertencente á clase de nematodos.
- B) Un verme pertencente á clase de cestodos.
- C) Un verme pertencente á clase de trematodos.
- D) Un verme pertencente á clase de estronxiloides.

22. Cal NON é unha vantaxe da Intranet?

- A) Aporta maior seguridade.
- B) Compartense coñecementos dentro da organización.
- C) Comunicarse de modo seguro cunha organización externa.
- D) É unha rede ampliable.

23. Cando un test rápido inmunocromatográfico cualitativo para a detección de Beta-HCG é positivo en homes, é indicativo de:

- A) Tumores prostáticos.
- B) Tumores xerminais testiculares.
- C) Tumores mamarios masculinos.
- D) Insuficiencia renal aguda.

24. Para establecer o nivel de precisión que os laboratorios deben alcanzar, desenvolvéronse diversos criterios e métodos ao longo do tempo. Sinale cal dos seguintes NON é un deles:

- A) Criterio de Tonks
- B) Método de Youden
- C) Método Six Sigma
- D) Criterio de Aspen

25. Con respecto á maduración celular no proceso hematopoiético, cal das seguintes afirmacións é FALSA?

- A) Existe un aumento da basofilia celular.
- B) Obsérvase unha redución do tamaño celular.
- C) Existe un aumento da condensación da cromatina.
- D) O eritrocito ortocromático é a última célula nucleada da serie.

26. O Decreto 38/2015, do 26 de febreiro, de residuos sanitarios de Galicia, que establece no seu artigo 8 a xestión dos residuos das clases III e IV, di que estes se recollerán en recipientes que cumpran unha serie de características, sinala cal das seguintes NON é unha delas:

- A) Opacos, impermeables e resistentes á humidade.
- B) Ríxidos e carentes de libre sustentación.
- C) Resistentes á perforación interna ou externa.
- D) Composición que garanta que na súa destrución se eviten ou minimicen as emisións tóxicas.

27. Sinala a opción correcta en relación á estrutura das inmunoglobulinas nunha persoa sa:

- A) Existen 5 tipos diferentes de cadeas lixeiras: alfa, mu, delta, gamma e épsilon.
- B) Existen 2 tipos de cadeas pesadas: kappa e lambda.
- C) Nunha mesma molécula de inmunoglobulina as cadeas lixeiras son do mesmo tipo.
- D) Ningunha das respostas anteriores é correcta.

28. Obsérvase unha alteración do metabolismo das VLDL na:

- A) Hiperquilomicronemia.
- B) Hipercolesterolemia familiar II.
- C) Disbetalipoproteinemia III.
- D) Hipertrigliceridemia mixta.

29. Nun microscopio de campo claro, onde se ubican os obxectivos?

- A) Na cabeza.
- B) No corpo.
- C) No revólver.
- D) Na platina.

30. Indique como se atopan as fraccións proteicas na síndrome nefrótica:

- A) Aumentadas.
- B) Diminuídas.
- C) Unhas aumentadas e outras diminuídas.
- D) Sen cambios.

31. No estudo elemental de ouriños mediante tiras reactivas determinamos a presenza de corpos cetónicos. ¿Cal é un deles?

- A) Ácido etanodioico.
- B) Ácido glucurónico.
- C) Ácido hipúrico.
- D) Ácido hidroxibutírico.

32. En cal dos seguintes casos non se recomenda transfundir concentrados de hemacías irradiadas:

- A) Adultos e nenos con linfoma de Hodgkin.
- B) Sangue destinado a transfusión intrauterina.
- C) Receptores de transplante de proxenitores hematopoiéticos aloxénicos.
- D) Recentemente nados.

33. Indique o encima máis específico de colestase:

- A) GGT.
- B) GPT.
- C) Fosfatasa Alcalina.
- D) 5'- nucleotidasa.

34. Os antíxenos O (somáticos) das bacterias localízanse

- A) na parede celular
- B) nos flaxelos
- C) nos ribosomas
- D) na cápsula

35. Sobre a anemia hemolítica, cal é FALSA?

- A) É unha anemia arrexenerativa, cunha cifra de reticulocitos baixa.
- B) Un dos mecanismos é unha alteración na membrana eitrocitaria.
- C) A haptoglobina encóntrase diminuída.
- D) A LDH encóntrase elevada.

36. A apo AI:

- A) É un activador de lecitín-colesterol-acil-transferasa (LCAT).
- B) É ateroxénica.
- C) Constitúen ao redor do 20% da apoA na HDL.
- D) Existe unha relación directa entre os niveis de apoAI e risco cardiovascular.

37. Chámanse virus nus a aqueles que:

- A) Carecen de envoltura.
- B) Carecen de nucleoide.
- C) Carecen de cápside.
- D) Carecen de ADN o ARN.

38. sinala a afirmación correcta.

- A) O persoal que acceda á historia clínica queda suxeito ó deber de segredo.
- B) Os centros sanitarios deben conserva-la documentación clínica, como mínimo, cinco anos dende o ingreso do paciente.
- C) Cada centro debe conserva-la documentación clínica no soporte orixinal, calquera que sexa.
- D) Tódalas afirmacións son correctas.

39. Cal das seguintes afirmacións é FALSA?:

- A) Os neutrófilos pasan poucas horas en sangue periférico debido a que a función principal realízana nos tecidos.
- B) As granulacións primarias do neutrófilo como o seu nome indica, representan aproximadamente o 85% e as secundarias o 15%.
- C) A vida media dos neutrófilos, desde os seus precursores identificables na médula ósea ata a morte, parece oscilar entre 10 e 14 días.
- D) 7000 neutrófilos/mL nunha persoa adulta sa é un valor normal.

**40. A 5-nucleotidasa**

- A) aumenta en lesións hepatocelulares.
- B) elévase en enfermidade ósea.
- C) aumenta en transtornos obstrutivos hepatobiliares e en lesións hepatocelulares.
- D) aumenta en transtornos obstrutivos hepatobiliares.

**41. ¿Que hormona se sintetiza na médula suprarrenal?**

- A) Cortisol.
- B) Adrenalina.
- C) Péptido C.
- D) Aldosterona.

**42. En relación á recollida de ouriños de 24 horas, cal é verdadeira?**

- A) Pódese recoller segundo considere o paciente, pero só durante 24 horas.
- B) Só é de utilidade para confirmar a presenza ou ausencia dun analito.
- C) É necesaria para cuantificar analitos que varían en función do metabolismo corporal.
- D) Non é imprescindible cuantificar o volume da mostra recollida.

**43. En relación aos factores que afectan á eficacia dos desinfectantes, indica cal é a resposta correcta.**

- A) É independente da temperatura.
- B) Non depende do microorganismo.
- C) Varía en función da presenza de materia orgánica.
- D) Non se ten en conta a duración da exposición.

**44. Non é un mecanismo de resistencia fronte á acción dos antimicrobianos**

- A) a alteración da diana.
- B) a alteración da permeabilidade da membrana plasmática.
- C) a inactivación encimática.
- D) a inhibición da síntese de proteínas.

**45. É unha función da PTH.**

- A) Aumenta-la absorción de fósforo no óso.
- B) Aumenta-la excreción de calcio nos ouriños.
- C) Diminuí-la excreción de fósforo nos ouriños.
- D) Diminuí-la absorción de calcio no óso.

**46. Que proteína de síntese hepática NON é vitamina K dependente?**

- A) Factor VII.
- B) Factor II.
- C) Factor V.
- D) Proteína S.

47. A principal causa de interferencia nunha mostra de ouriños sen conservante e conservada a temperatura ambiente durante máis de 2 horas, é?

- A) Concentración dos analitos.
- B) Sedimentación celular.
- C) Proliferación bacteriana.
- D) Formación de cristais.

48. O monocromador:

- A) É un instrumento que produce luz de lonxitudes de onda específicas a partir dunha fonte de luz.
- B) Proporciona radiación electromagnética como luz visible.
- C) Transforma a enerxía radiante transmitida nunha cantidade equivalente de enerxía eléctrica.
- D) Reduce a luz inespecífica.

49. Os Comités de Ética Asistencial do Sistema Público de Saúde de Galicia estarán integrados por un mínimo de 7 membros. Sinala cal dos seguintes NON pode ser un deles:

- A) Diplomado/a en enfermería.
- B) Persoal directivo do hospital.
- C) Persoa allea á profesión sanitaria.
- D) Licenciado/a en medicina.

50. Indique cal é unha anomalía de núcleo nunha célula neoplásica:

- A) Proteína P.
- B) Glicoproteínas ou glicoconxugados transmembrana modificados.
- C) Receptores en diferente número.
- D) Aumento do número de mitoses.

**51. Sinale onde atopamos o reservorio principal de calcio das plaquetas:**

- A) Sistema tubular denso.
- B) Gránulos alfa.
- C) Capa exterior ou glucocálix.
- D) Sistema canicular aberto.

**52. Indica a afirmación correcta.**

- A) A bilirrubina indirecta conxúgase no fígado co ácido glucurónico.
- B) A bilirrubina conxugada é transportada principalmente pola albúmina.
- C) A bilirrubina indirecta fórmase ó degradárense as cadeas de globina da hemoglobina.
- D) Con valores de bilirrubina por riba de 1 mg/dl, prodúcese ictericia.

**53. Que tampón químico sanguíneo resulta de especial interese a nivel tisular?**

- A) Tampón de Hemoglobina.
- B) Tampón fosfato.
- C) Tampón Bicarbonato.
- D) Tampón das proteínas plasmáticas.

**54. A GH (hormona do crecemento)**

- A) libérase na neurohipófise.
- B) aumenta os niveis séricos de glicosa.
- C) a súa hiposecreción produce acromegalia.
- D) diminúe a concentración de ácidos grasos.

**55. Que mide o tempo de trombina?**

- A) A funcionalidade do fibrinóxeno.
- B) A velocidade de formación de trombina.
- C) A velocidade de destrución do coágulo.
- D) A vía extrínseca.

**56. Para realizar un proteinograma na urina, en xeral, debe concentrar esa urina:**

- A) Unhas 100 veces.
- B) Unhas 80 veces.
- C) Unhas 60 veces.
- D) Unhas 20 veces.

**57. Ao observar ao microscopio óptico un frotis sanguíneo sen alteracións e tinguido coa tinción de Wright, pode identificar con claridade un basófilo porque:**

- A) O núcleo posúe unha cromatina densa e adoita ter de 2 a 3 lóbulos, o citoplasma é basófilo e está cheo de gránulos esféricos de cor vermella violácea de tamaño uniforme distribuídos de forma regular.
- B) O núcleo posúe unha cromatina densa e adoita ser bilobular pero a súa conformación real moitas veces ocúltase pola presenza de gránulos supraxacentes. O citoplasma é acidófilo e poucas veces se observa, xa que adoita estar oculto polos gránulos que son grandes de cor negra morada e de distribución irregular.
- C) O núcleo posúe unha cromatina densa e adoita ter de 2 a 5 lóbulos, o citoplasma é basófilo e contén gránulos neutros e azurófilos, pequenos, moi abundantes e distribuídos de forma regular.
- D) O núcleo posúe unha cromatina densa e adoita ter de 2 a 3 lóbulos pero a súa conformación real moitas veces ocúltase pola presenza de gránulos supraxacentes. O citoplasma é basófilo e está cheo de gránulos grandes de tamaño uniforme de cor negra morada e de distribución irregular.

**58. Ao realizar un recuento de reticulocitos nun frotis, realízase unha tinguidura supravital. Que estruturas, que indentifican ao reticulocito, se poñen de manifesto con esta tinguidura?**

- A) Os restos do fuso mitótico.
- B) Hemoglobinas inestables.
- C) Restos de RNA.
- D) Restos de DNA.

**59. No servizo de transfusión onde traballo desconxeláronse erroneamente tres unidades de plasma fresco conxelado (PFC). Sabemos que non é posible a súa re-conxelación e polo tanto: (Sinale a resposta CORRECTA)**

- A) Debido a que foi desconxelado a 37°C e almacenado a unha temperatura entre 2–6 °C é viable durante 5 días despois da desconxelación, excepto para o tratamento de déficits de factores termolábiles.
- B) Debido a que foi desconxelado a 37°C e se almacenou a unha temperatura de entre 2–6 °C é viable durante 5 días despois da súa desconxelación pero só en caso de que o seu destino sexa un paciente hemofílico.
- C) Debido a que foi desconxelado a 37°C e almacenado a unha temperatura entre 2–6 °C é viable durante 5 días despois da desconxelación pero só no caso de que o seu destino sexa un paciente con déficit do factor V Leiden.
- D) Debido a que foi desconxelado a 37°C e almacenado a unha temperatura entre 2–6 °C é viable durante 72 horas sen excepcións.

**60. A proba máis específica para indica-lo grado de insuficiencia hepática aguda é a determinación de**

- A) fosfatasa alcalina.
- B) transaminasas.
- C) tempo de protrombina (TP).
- D) bilirrubina.

61. ¿Que proba debes empregar para valora-la función excretora do fígado?

- A) Determinación de TP.
- B) Determinación de bilirrubina.
- C) Determinación de albúmina.
- D) Determinación de GPT.

62. Ante a sospeita dunha tuberculose, ¿en que medio sementámo-la mostra de esputo?

- A) Agar Cetrimida.
- B) Medio Levinthal.
- C) Medio Dubos.
- D) Medio Skirrow.

63. Nunha mostra dun paciente con dose terapéutica correcta de heparina, cal das seguintes situacións é correcta?

- A) TTPa alongado, TT normal, Tempo de reptilase normal.
- B) TTPa normal, TT alongado, Tempo de reptilase normal.
- C) TTPa alongado, TT alongado, Tempo de reptilase normal.
- D) TTPa alongado, TT normal, Tempo de reptilase alongado.

64. Tras ler un artigo sobre a variante Delta do SARS-COV-2 e o seu comportamento epidemiolóxico, entendín perfectamente a definición de virulencia que achega a OMS, que é a seguinte:

- A) O grao de agresividade dun virus, indicado polas taxas de incidencia e pola súa capacidade para invadir e lesionar os tecidos do hóspede, ou ambos os parámetros.
- B) O grao de toxicidade dun virus, indicado polas taxas de incidencia e pola súa capacidade para invadir e lesionar os tecidos do hóspede, ou ambos os parámetros.
- C) O grao de patoxenicidade dun axente infeccioso, indicado polas taxas de letalidade e pola súa capacidade para invadir e lesionar os tecidos do hóspede, ou ambos os parámetros.
- D) O grao de agresividade dun axente infeccioso, indicado polas taxas de incidencia acumulada e pola súa capacidade para invadir e lesionar os tecidos do hóspede, ou ambos.

65. Indica a resposta correcta. Un resultado moi elevado de cortisol sérico

- A) aumentará os niveis de ACTH.
- B) diminuírá os niveis de CRH.
- C) diminuírá os niveis de catecolaminas.
- D) diminuírá os niveis de LH.

66. Á hora de realiza-lo antibiograma, elixe o método de referencia.

- A) Dilución en agar.
- B) E-test de gradiente antibiótico.
- C) Difusión en agar.
- D) Dilución en caldo.

67. Recentemente fun diagnosticada dunha deficiencia selectiva de inmunoglobulina A. Foi un achado casual e afortunadamente son asintomática. En relación á IgA son coñecedera de que:

- A) Esta inmunoglobulina atravesada a placenta.
- B) A deficiencia selectiva de IgA é a inmunodeficiencia primaria máis común.
- C) Das 5 inmunoglobulinas principais, é a que presenta menor concentración sérica.
- D) Atópase principalmente nas secrecións, neste caso en forma de monómero.

68. Cal dos seguintes NON é un método para o control da eficacia da esterilización?

- A) Marcador químico.
- B) Temperatura.
- C) Esporas específicas.
- D) Cultivo de Lactobacillus.

69. No estudo de cancro de fígado empréganse:

- A) AFP e PSA.
- B) CEA e NSE.
- C) AFP e CEA.
- D) NSE e PSA.

70. Un paciente de 70 anos foi diagnosticado recentemente de mieloma múltiple. Realizáronse diversas probas de laboratorio e en todas elas obtivéronse resultados esperados para esta patoloxía. Cal dos seguintes sería un deles:

- A) Plasmocitose en sangue periférico maior do 30%.
- B) Hipocalcemia moi marcada acompañada de lesións óseas.
- C) Expresión de CD56 nas súas células plasmáticas.
- D) Ningunha é correcta.

71. Cando pode estar diminuída a osmolalidade plasmática?

- A) Con hiperglucemia.
- B) Con hipernatremia.
- C) Con hiponatremia.
- D) Na Diabete mellitus.

72. Para o diagnóstico clínico do paludismo, úsase como mostra:

- A) Feces.
- B) Saliva.
- C) Sangue.
- D) Urina.

73. Indica que marcador pertence ao grupo das mucinas

- A) Fosfatasa Alcalina.
- B) Ferritina.
- C) CA125.
- D) S100.

74. Nun test inmunocromatográfico competitivo para a determinación cualitativa de metabolitos de drogas en ouriños, a aparición dunha liña coloreada na rexión do test e da área de control, indica:

- A) Test positivo.
- B) Test negativo.
- C) Test non válido.
- D) Existencia de adulterantes nos ouriños.

75. ¿Cal dos seguintes parámetros é o máis útil para diferenciar entre trasudado e exudado nun líquido pleural?

- A) LDH (Lactato deshidrogenasa).
- B) Urea.
- C) Amilasa.
- D) Bilirrubina.

76. O analizador hematolóxico co que traballo proporciona un resultado alarmante nun hemograma, reflectindo unha neutropenia severa e unha porcentaxe de células grandes non tinguidas alto nunha muller de 32 anos sen patoloxías coñecidas. Tras descartar erro técnico realízase un frotis de sangue periférico que resulta ser totalmente normal. Cal das seguintes afirmacións poderíanos explicar o sucedido:

- A) O autoanalizador co que traballamos fai unha lectura das poboacións leucocitarias en base á súa actividade peroxidásica e non pode identificar os neutrófilos como tales xa que a paciente padece un déficit de mieloperoxidasa, encima presente en neutrófilos, monocitos e macrófagos.
- B) O autoanalizador co que traballamos fai unha lectura das poboacións leucocitarias en base á súa actividade peroxidásica e non pode identificar os neutrófilos como tales xa que a paciente padece un déficit de mieloperoxidasa, encima presente de forma exclusiva en neutrófilos, eosinófilos e basófilos.
- C) O autoanalizador co que traballamos fai unha lectura das poboacións leucocitarias en base á súa actividade peroxidásica e non pode identificar os neutrófilos como tales xa que a paciente padece un déficit de mieloperoxidasa, encima presente en neutrófilos e linfocitos.
- D) Ningunha das respostas anteriores é correcta xa que un déficit de mieloperoxidasa sería incompatible coa vida.

77. ¿Cal é un mecanismo compensador nunha alcalose metabólica?:

- A) Eliminación de  $\text{CO}_2$  (hiperventilando).
- B) Retención de  $\text{CO}_2$  (hipoventilando).
- C) Eliminación  $\text{CO}_2$  (hipoventilando).
- D) Retención de Bicarbonato.

78. Tras examinar os casos máis relevantes de trombocitopenia no centro hospitalario onde traballo, sei que é FALSO que:

- A) A trombocitopenia inmunitaria coñecíase anteriormente co nome de púrpura trombocitopénica idiopática e en nenos desenvólvese con frecuencia tras unha infección viral, caso no que adoita remitir espontaneamente.
- B) A trombocitopenia inmunitaria pode ser de carácter hereditario, neste caso relaciónase cun déficit da encima ADAMTS13.
- C) A púrpura trombótica trombocitopénica trátase en moitas ocasións con plasmaférese.
- D) A púrpura trombótica trombocitopénica sen tratamento con frecuencia é letal.

**79. Segundo o método FIFO (First in first out), que rectivos do almacén collerías en caso necesario?**

- A) Os recibidos no pedido de maior antigüidade.
- B) Os do pedido máis recente recepcionado.
- C) Segundo este método, non é importante a orde de reposición
- D) Este método non está relacionado co almacenamento de consumibles.

**80. ¿Que parámetro non se considera de urxencia para valora-la función renal?**

- A) Sodio en soro.
- B) Urea en soro.
- C) Ácido úrico en soro.
- D) Creatinina sérica.

**81. Que provoca nun frotis sanguíneo a presenza do fenómeno de Rouleaux ou hemacías en pilas de moedas?**

- A) Unha deficiente homoxeneización da mostra, previa á realización do frotis.
- B) Unha excesiva inclinación do portaobxectos ao realizar o frotis.
- C) A mostra presenta hipercoagulabilidade.
- D) A presenza dunha paraproteína.

**82. Un plasma necesario para realizar as probas básicas de coagulación, obtense de:**

- A) Sangue con citrato sódico centrifugada a 200g durante 10 minutos.
- B) Sangue con citrato sódico centrifugada a 2000g durante 15 minutos.
- C) Sangue con heparina sódica centrifugada a 200g durante 15 minutos.
- D) Sangue con heparina sódica centrifugada a 2000g durante 10 minutos.

**83. Para a determinación de lipoproteínas plasmáticas, é certo que:**

- A) O paciente ten que estar 7 horas en xaxún antes da extracción.
- B) Pode utilizarse soro ou plasma, pero é importante a elección do anticoagulante, sendo EDTA o preferido.
- C) A centrifugación preferiblemente debe facerse despois de 4 horas da extracción.
- D) En caso do soro, a mostra pode ser conservada a temperatura ambiente.

**84. Forno parte dun equipo de traballo nun laboratorio clínico, hai diversos problemas que debemos identificar e analizar. Para iso empregaremos diversas técnicas, pero só unha das seguintes será a idónea para axudarnos a decidir que problemas resolver primeiro e a identificalos segundo o principio de "poucos vitais, moitos triviais":**

- A) Diagrama de Grandal
- B) Diagrama de Pareto
- C) Diagrama de Ishikawa
- D) Diagrama das 6M

**85. Que método de referencia se utiliza para a determinación de proteínas en LCR?**

- A) Método Lowry.
- B) Michaelis-Menten.
- C) Ácido tricloroacético.
- D) Método Abell.

**86. Para determinar encimas nas mostras de soro, NON debemos ter en conta:**

- A) O transporte das mostras destinadas a determinacións encimáticas debe facerse en frío.
- B) Separar canto antes o coágulo do soro.
- C) Traballar con mostras hemolizadas.
- D) Evitar o envellecemento das mostras, xa que existen encimas moi lábiles.

**87. Tralo cultivo de ouriño do paciente, observamos colonias mucosas de cor rosada en agar McConckey, resulta oxidasa negativa e catalasa positiva. ¿De que bacteria se trata?**

- A) Pseudomona aeruginosa.
- B) Corinebacterium spp.
- C) Klebsiella pneumoniae.
- D) Proteus mirabilis.

**88. Que tipo de microscopio é o de elección para observar unha preparación para a identificación de Treponema pallidum?**

- A) Microscopio de campo escuro.
- B) Microscopio de contraste de fases.
- C) Microscopio de luz polarizada.
- D) Microscopio de fluorescencia.

**89. Sobre o método Northen, é certo que:**

- A) Utilízase para detectar DNA.
- B) Utilízase para detectar RNA.
- C) Permite detectar proteínas.
- D) Non existe o método Northen.

**90. Todos son compoñentes habituais dun analizador de gases, excepto:**

- A) Electrodo de medida de pO<sub>2</sub>.
- B) Electrodo de medida de Exceso de Base.
- C) Electrodo de medida de pCO<sub>2</sub>.
- D) Sistema de aspiración de mostra.

**91. Dispóñome a realizar as probas pretransfusionais a un recentemente nado e debo ter en conta que difiren das do adulto debido a numerosos motivos. Cal das seguintes afirmacións en relación á transfusión de hemacías nun neonato é FALSA?**

- A) O recentemente nado carece de anticorpos do sistema ABO, só ten os que lle puidera transferir a nai, incluíndo anti-A e/ou anti-B de clase IgG. Con todo produce aloanticorpos.
- B) Se as probas de compatibilidade transfusional non mostran ningún aloanticorpo non será necesario repetilas durante os primeiros 4 meses de vida.
- C) As probas pretransfusionais deben incluír o estudo de anticorpos irregulares en mostra da nai ou do neno.
- D) O recentemente nado carece de anticorpos do sistema ABO e non produce aloanticorpos.

92. Para establecer o grupo ABO dun paciente, enfronto os seus hematíes con reactivos anti-A e anti-B, e o soro ou plasma con eritrocitos A e B. Ás veces prodúcense discrepancias entre ambas as determinacións, por exemplo unha aglutinación non esperada na proba sérica. Isto sucédenos con Jorge, paciente xa anteriormente tipificado como A positivo sen problema, que sorprendentemente hoxe presenta reacción sérica tanto con eritrocitos B como A. Sinale cal das seguintes podería ser a causa:

- A) Presenza no plasma dun aloanti-M.
- B) Que o paciente estea inmunodeprimido.
- C) Que o paciente fora transfundido recentemente cun concentrado de hemacías O positivo.
- D) Todas son correctas.

93. Que dúas probas bioquímicas determinarían que un líquido biolóxico sexa moi probablemente urina?

- A) Glucosa e corpos cetónicos.
- B) Urea e creatinina.
- C) Ácido úrico e urea.
- D) Creatinina e ácido úrico.

94. Pedro, paciente de 52 anos ingresado con Covid-19, participou nun estudo no que se lle administraba interferón beta (IFN-beta) como parte do tratamento. O IFN-beta pertence a un tipo de interferóns amplamente estudados e que na actualidade se utilizan como axentes terapéuticos para diversas enfermidades. Sinale a resposta correcta en relación ao IFN-beta:

- A) O IFN-beta é un interferón de tipo II que se usa para tratar a hepatite C.
- B) O IFN-beta é un interferón de tipo I que se usa para tratar a esclerose múltiple.
- C) O IFN-beta é un interferón de tipo II e o que se usa con máis frecuencia no tratamento do cancro.
- D) O IFN-beta é un interferón de tipo II que xunto co IFN-gamma é unha das citoquinas máis importantes da inmunidade na tuberculose pulmonar.

95. ¿Como esperarías atopar os valores hormonais nun caso de hipotiroidismo primario?

- A) TSH elevada e T4 diminuída.
- B) TSH diminuída e T4 normal.
- C) TSH diminuída e T4 aumentada.
- D) TSH normal e T4 aumentada.

96. Ao observar a mostra de feces do paciente ao microscópio detectamos un tipo de cristais típicos con forma de ataúde, indique de cal se trata:

- A) De fosfato amónico magnésico.
- B) De Charcot-Leyden.
- C) De colesterol.
- D) De oxalato amónico.

97. Do cultivo dun exudado uretral aislamos gonococos, sinala a característica correcta.

- A) Son catalasa negativa e oxidasa positiva.
- B) Son oxidasa negativa e catalasa positiva.
- C) Pode medrar en agar sangue.
- D) Existen probas de detección por ELISA Y PCR.

98. ¿Cal é o primeiro marcador que atopamos en soro tras a infección polo Virus da Hepatite B (VHB)?

- A) HBs Ag.
- B) Ac HBe
- C) HBc Ag.
- D) Ag HBe.

99. A adhesión e agregación plaquetaria, tanto "in vivo" como "in vitro", é unha cuestión coa que debemos estar familiarizados no laboratorio. Sabemos entón que é FALSO que:

- A) A pseudotrombocitopenia inducida por EDTA é un fenómeno que se presenta "in vitro" e numerosos estudos evidencian que está mediado por anticorpos anti- plaquetarios dirixidos contra o complexo glucoprotéico IIb/ IIIa da membrana plaquetaria.
- B) Na trombostenia de Glanzmann hai un déficit na cantidade de glucoproteínas IIb/ IIIa da membrana plaquetaria.
- C) Unha causa de falsa trombocitopenia relacionada co EDTA é a que acontece nos casos de satelitismo plaquetario con presenza de plaquetas ao redor de polimorfomucleares neutrófilos.
- D) O diagnóstico da síndrome de Bernard- Soulier pode realizarse de forma rápida en base á ausencia de expresión en membrana plaquetar de CD41 (gpIIb/IIIa).

100. ¿Que método é axeitado para o estudo da sensibilidade de varias cepas bacterianas, simultaneamente, fronte a un antimicrobiano?

- A) Dilución en caldo.
- B) Difusión en caldo.
- C) Difusión en agar.
- D) Dilución en agar.

101. Elixe o método de tinguidura axeitado para visualiza-las esporas do *Bacillus cereus*.

- A) Método de Moeller.
- B) Método de Leiffson.
- C) Método de Hiss.
- D) Método de Neisser.

102. A mostra biolóxica máis empregada para a detección de drogas de abuso polo método de inmunoanálise é:

- A) Plasma.
- B) Urina.
- C) Soro.
- D) Saliva.

103. O método de precipitación polianiónica (HDL-col), baséase en:

- A) Eliminar as lipoproteínas que conteñen apoA1.
- B) Eliminar as lipoproteínas que conteñen apoAII.
- C) Eliminar as lipoproteínas que conteñen apoB.
- D) Eliminar as lipoproteínas que conteñen apoC.

**104. No caso dun soro con hemólise, en que parámetro analítico dos seguintes existe unha importante interferencia debido á súa liberación?**

- A) Lactato deshidroxenasa.
- B) Troponina I.
- C) Sodio.
- D) Calcio.

**105. Para o diagnóstico da sífilis, non é útil realizar**

- A) a observación con microscopio de campo escuro.
- B) o cultivo do exudado cutáneo (chancro).
- C) VDRL en LCR.
- D) TPHA en soro.

#### Preguntas de reserva

**106. Para determinar os marcadores tumorais adóitanse usar técnicas:**

- A) ELISA e RIA.
- B) Cromatográficas e Electroforéticas.
- C) Nefelométricas e Turbimétricas.
- D) Absorciométricas e Turbimétricas.

**107. Nun inmunoensaio cromatográfico rápido cualitativo non competitivo, a aparición de unicamente unha línea coloreada na rexión da proba, indica:**

- A) Test positivo.
- B) Test negativo.
- C) Test non válido.
- D) Test debilmente positivo.

**108. A curva de disociación da hemoglobina desprázase cara á dereita cando:**

- A) Diminúe a concentración do 2,3-DFG.
- B) Aumenta o pH.
- C) Aumenta a concentración de CO<sub>2</sub>.
- D) Diminúe a temperatura.

**109. Sinala o marcador liberado máis precozmente no infarto agudo de miocardio:**

- A) CK-MB.
- B) Troponina T.
- C) Troponina I.
- D) Mioglobina.

**110. ¿Como se observan as células do epitelio escamoso no sedimento urinario?**

- A) con núcleo pequeno redondo, citoplasma extenso e aspecto poligonal.
- B) células pequenas e redondas.
- C) aparecen en raras ocasións e son difíciles de identificar.
- D) teñen núcleo grande, case igual ó citoplasma.

